Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

I / 2021

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. A magnitude da caída do PIB provocada pola expansión do COVID-19 experimentada no conxunto do ano 2020 revela a dimensión do choque que estamos a vivir. Ao longo do ano, a evolución da pandemia e as medidas aprobadas para conter a súa expansión determinaron que en Galicia, ao igual que nas diferentes economías europeas, a contracción da actividade económica máis acusada se rexistrase no segundo trimestre. A pesares da mellora no terceiro trimestre, os novos brotes e restricións e a paralización dalgunhas actividades no derradeiro trimestre do ano, agravaron a contracción da economía galega, deteriorándose as expectativas sobre a volta á situación precrise.

2. O impacto da crise na economía galega foi significativamente menos intenso que no conxunto do Estado, ao presentar unha caída interanual do PIB do 8,9%, máis de dous puntos inferior á media estatal (11%). Con todo, cómpre destacar que no ámbito europeo, tanto o conxunto de países da Unión Europea (UE-27) como da zona euro e as principais economías europeas presentan un menor impacto negativo da crise sanitaria no seu PIB. Así, o PIB da UE contráese un 6,3% fronte ao 5,3% en Alemaña ou o 8,2% en Francia.

3. En contraposición ao acontecido no ano anterior, 2020 caracterízase pola achega negativa tanto da demanda interna (8,3 puntos) como, en menor medida, da externa (0,6 puntos). Entre os compoñentes da demanda interna, o investimento é quen presenta a caída interanual máis acusada, cunha redución do 13,2%, en tanto que o gasto das familias se reduce un 11,3%. Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas presenta unha medra interanual do 4,5%. No que atinxe á demanda externa, o cadro macroeconómico reflicte unha caída tanto das exportacións como das importacións (5,8% e 4,6%, respectivamente). Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, cómpre resaltar o espectacular crecemento da automoción, o que contribúe á medra da súa elevada concentración sectorial e xeográfica.

4. Dende o punto de vista da oferta, o aspecto máis destacado é que os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto de España, coa excepción do sector primario (-3,3% fronte ao incremento do 4,8% en España). Tanto en Galicia como na economía española, as ramas de actividade que presentan a maior contracción son o subsector de comercio, transporte e hostalería (-19,5% e -24,1%, respectivamente) e o das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, con caídas do 18% en Galicia e do 24,2% en España. A industria manufactureira presenta unha contracción do 9,6% en Galicia, máis dun punto inferior á do conxunto do Estado (10,7%).

5. O impacto negativo no mercado laboral adquire especial relevancia ao constituíren un dos principais mecanismos de transmisión desta crise á sociedade. A diferencia do que acontece en crises anteriores, o axuste no mercado laboral foi, con carácter xeral, menos intenso que

a contracción da actividade económica sufrida no conxunto do ano (afiliacións e poboación ocupada un -1,9%). Non obstante, os indicadores do número de horas traballadas (EPA e contas económicas) que reflicten mellor o impacto da crise amosan un axuste do emprego superior á caída do PIB (9,8% e 10,7%, respectivamente).

6. Os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) constitúen o principal mecanismo de protección dos traballadores por conta allea. A 31 de decembro un total de 33.772 persoas estaban acollidos a un ERTE, o que supón o 3,4% das afiliacións galegas, situándose esta porcentaxe no 17% en abril o en case 14% en maio. O número de empresas con ERTE ascende a 10.933, o que representa o 6,2% do total estatal (o 4,5% no caso dos traballadores afectados).

7. As cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, reflicten, con carácter xeral que o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese con maior intensidade no caso das mulleres que no dos homes así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público. No que atinxe ao desemprego, a taxa de paro en Galicia aumentou ata o 12%, dúas décimas máis que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 15,5% no conxunto do Estado.

8. Atendendo ao número de horas efectivamente traballadas, que na conxuntura actual é o indicador que mellor reflicte a evolución da ocupación, o axuste de emprego prodúcese case de xeito xeneralizado, xa que tan só o subsector agrario e forestal presenta unha medra respecto ao ano anterior (3,8%). O impacto máis acusado da crise rexístrase no subsector da hostalería, que presenta unha caída interanual do 31,3%, por diante da industria téxtil do coiro e do calzado e da industria da madeira, que experimentaron unha caída do 15,4% e 14,2% respecto ao número medio de horas traballadas no ano anterior. O emprego nas actividades de transporte e almacenamento e nas actividades de comercio redúcese un 11,8% e un 11,5%, respectivamente.

9. O índice de conectividade revela o nivel de accesibilidade que posúe un país/porto en relación ás redes de transporte. Mídese a través das conexións marítimas que dispón e é unha ferramenta básica para coñecer os niveis de facilitación comercial e os graos de inserción mundial. Nos portos galegos sobresae o alto nivel de especialización do porto de Vigo, en tanto que os demais rexistran movementos moito máis reducidos. Para o caso de Portugal, destacan os portos de Sines e Leixoes que polarizan os tráficos contenedorizados e as escalas das embarcacións que configuran as actuais cadeas globais de subministración

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II - COMENTARIO:
. La conectividad portuaria de Galicia y del Norte de Portugal.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Marzo de 2021

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS: ACTIVIDADE ECONÓMICA EN GALICIA 2020. CONTRACCIÓN HISTÓRICA CONDICIONADA POLA EVOLUCIÓN DA COVID

Tras a ralentización no ritmo de crecemento do PIB en 2019, a crise sanitaria provocada pola COVID e as medidas aprobadas posteriormente para conter a súa expansión determinaron unha contracción da actividade económica galega do 8,9%, máis de dous puntos inferior á media estatal (11%). Ao longo de todo o ano Galicia presentou un mellor comportamento que a economía española, rexistrándose o impacto máis negativo no segundo trimestre, cunha caída interanual do 18%. Tras o rebote experimentado no terceiro trimestre, os últimos meses do ano estiveron marcados por novos rebrotes e novas medidas restritivas que inciden nunha caída interanual do 7,6% do PIB.

O último ano caracterízase por unha significativa achega negativa tanto da demanda interna (8,3 puntos) como, en menor medida, externa (0,6 puntos), a diferencia do que acontecía no ano anterior onde a demanda interna contribuía positivamente. Entre os compoñentes da demanda interna Galicia presenta ao longo de todo o ano 2020 unha contracción tanto do consumo privado como do investimento, aumentando por contra o consumo das administracións públicas. O investimento é quen presenta a caída interanual máis acusada, cunha redución do 13,2%, en tanto que o gasto das familias se reduce un 11,3%. Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas presenta en 2020 unha medra interanual do 4,5%. No caso das vendas a terceiros países, o espectacular crecemento da automoción contribúe a unha medra da súa elevada concentración sectorial e xeográfica.

Dende o lado da oferta, os grandes sectores produtivos presentan en Galicia un mellor comportamento que no conxunto do Estado, coa excepción do sector primario, presentando Galicia unha contracción do 3,3% fronte ao incremento do 4,8% en España. Tanto en Galicia como na economía española, o subsector de comercio, transporte e hostalería e o das actividades artísticas, recreativas e outros servizos mantense como aqueles que presentan unha maior contracción. O maior diferencial entre as taxas de variación interanual rexístrase no caso das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, con caídas do 18% en Galicia e do 24,2% en España.

1- ACTIVIDADE ECONÓMICA


O comportamento da actividade económica no ano 2020 estivo totalmente condicionado pola evolución da pandemia e as medidas adoptadas para frear a súa expansión, de aí a necesidade de centrarse nas taxas de variación interanual rexistradas en cada un dos trimestres. A aprobación do estado de alarma o 14 de marzo, que levou de seu a limitación da liberdade de circulación de persoas e

medidas de contención en ámbitos tan importantes como o comercio, hostalería e restauración ou equipamentos culturais e actividades recreativas, incide nunha na caída do PIB galego do 3,8% no primeiro trimestre do ano, e nunha forte contracción do 18% no segundo trimestre. Tras a ralentización xeneralizada da caída da actividade económica no terceiro trimestre por mor da mellora sanitaria e a relaxación das restricións aprobadas con anterioridade (-6,2%), os rebrotes experimentados no último trimestre fixeron que a caída interanual do PIB aumentara ata o 7,6% neste cuarto trimestre.

No ámbito europeo, tanto o conxunto de países da Unión Europea (UE-27) como da zona euro e as principais economías europeas presentan un menor impacto negativo da crise sanitaria no seu PIB. No cuarto trimestre do ano, o PIB da UE-27 contráese un 4,6%, case a metade do experimentado pola economía española (9,1%), situándose esta taxa de variación interanual no 3,6% en Alemaña ou no 4,9% en Francia. Como se reflicte no primeiro gráfico, o impacto máis negativo da crise rexistrouse no segundo trimestre do ano, e tras a mellora relativa no terceiro trimestre a meirande parte das economías consideradas presentaron unha contracción económica de maior intensidade que no último trimestre do ano.

Se a comparación se realiza co conxun-

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2020. Taxas de variación interanual




	I	II	III	IV	I	II	III	IV
	2019				2020			
Zona euro	1,6	1,3	1,4	1,0	-3,3	-14,6	-4,2	-4,9
UE-27	1,8	1,6	1,6	1,2	-2,7	-13,8	-4,1	-4,6
Alemaña	1,1	0,1	0,8	0,4	-2,2	-11,3	-4,0	-3,6
Francia	1,8	1,8	1,6	0,8	-5,6	-18,6	-3,7	-4,9
Portugal	2,6	2,4	2,3	2,6	-2,2	-16,3	-5,7	-6,1
España	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,2	-21,6	-9,0	-9,1

Fonte: Eurostat


to de España, a incidencia negativa da crise da COVID en Galicia é menos intensa ao longo de todo o ano 2020. Se o ano 2019 caracterizouse por un maior crecemento da economía española nos últimos tres trimestres, o impacto da crise sanitaria provoca unha caída do PIB máis intensa en España xa dende o primeiro trimestre. O maior diferencial entre as taxas de variación do PIB rexistrouse no segundo trimestre, cando a economía Española se contrae un 21,6% fronte aos devanditos 18% de Galicia, reducíndose posteriormente a 2,8 puntos e 2,5 puntos no terceiro e cuarto trimestre do ano, respectivamente. No cuarto trimestre a economía española cae un 9,1% respecto ao mesmo período do ano anterior fronte ao -7,6% de Galicia.

A análise da evolución do PIB en termos intertrimestrais reflicte que tras o forte rebote económico experimentado no terceiro trimestre do ano, que permitiu que tanto Galicia como España saíran da

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2020
Taxa de variación interanual



Taxa de variación intertrimestral




Fonte: IGE e INE

recesión económica, o ano remate en Galicia cunha caída do PIB galego do 1,5% respecto ao trimestre anterior ao contrario do que acontece en España, onde o PIB medra un 0,4%. Na Comunidade Autónoma a caída experimentada no último trimestre ven explicada fundamentalmente pola caída dun 7% do consumo privado e do 1,1% no caso do investimento, de xeito que a demanda interna detrae 3,5 puntos porcentuais ao crecemento do PIB fronte á contribución positiva da demanda externa (dous puntos).

Se se compara o impacto da crise económica de 2008 e a actual, cómpre resaltar que o impacto da COVID-19 é significativamente superior, pero que a recuperación tamén semella que vai ser moito máis intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes das crises, Galicia presenta un impacto inicial inferior ao rexistrado en España, se ben a recuperación posterior na crise económica de 2008 foi máis rápida no Estado. Galicia acadou o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018, dez anos máis tarde, en tanto que a economía española acadouno no cuarto trimestre de 2016, case nove anos máis tarde (35 trimestres).

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2020




Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A crise orixinada pola pandemia do coronavirus tradúcese nunha forte contracción da demanda interna ao longo de todo o ano 2020, feito que non acontecera no ano anterior, sendo esta máis acusada na economía española que na galega no conxunto do ano. Dunha banda, a demanda interna detrae 8,3 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB en Galicia fronte aos 9 puntos no conxunto do Estado. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, a demanda interna detrae unha cantidade similar en Galicia e España no primeiro semestre do ano, en tanto

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2020



Fonte: IGE e INE

que no terceiro trimestre o impacto negativo da crise na demanda interna é máis intensa en España que en Galicia. Por contra, o rebrote do virus no derradeiro trimestre do ano fixo que a demanda interna detraera 7 puntos porcentuais ao crecemento do PIB fronte aos 6,3 puntos en España.

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que entre os compoñentes da demanda interna, Galicia presenta ao longo de todo o ano 2020 unha contracción

tanto do consumo privado como do investimento, sendo esta caída moito máis acusada no segundo trimestre tal e como se indicou anteriormente. No último ano o investimento é quen presenta a caída interanual máis acusada, cunha redución do 13,2% (24,9% no segundo trimestre), en tanto que o gasto das familias redúcese un 11,3% (-23,2% entre abril e xuño). Por contra, o gasto en consumo das administracións públicas presenta en 2020 unha medra interanual do 4,5%, case tres puntos máis que no ano anterior, destacando que no derradeiro trimestre do ano esta medra é do 9% respecto ao mesmo período de 2019.

Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2020. Taxas de variación interanual.


%

	2018	2019	2020	2019/I	2019/II	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV
Produto Interior Bruto	3,2	1,8	-8,9	2,7	1,8	1,5	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6
Demanda											
Gasto en consumo final	1,0	2,0	-7,4	1,0	2,2	2,5	2,3	-3,0	-17,1	-2,6	-6,7
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	0,8	2,1	-11,3	1,5	1,9	2,2	2,7	-5,9	-23,2	-4,3	-11,8
AA. Públicas	1,9	1,8	4,5	-0,6	3,3	3,6	1,1	5,8	1,0	2,5	9,0
Formación Bruta de Capital	6,3	1,8	-13,2	5,9	2,8	0,6	-1,8	-9,1	-24,9	-9,6	-8,9
Achega demanda interna ao PIB	1,9	2,0	-8,3	1,8	2,3	2,2	1,6	-4,1	-18,4	-3,8	-7,0
Exportacións	3,8	0,2	-5,8	1,0	-4,9	1,4	3,3	-0,5	-24,2	1,1	-0,1
Importacións	1,4	0,6	-4,6	-0,7	-3,9	2,7	4,4	-1,0	-25,0	5,7	0,9
Achega demanda externa ao PIB	1,3	-0,2	-0,6	0,9	-0,5	-0,7	-0,5	0,3	0,4	-2,4	-0,6
Oferta											
Sector primario	-0,5	-0,2	-3,3	0,6	-1,1	-0,4	0,0	-2,4	-1,7	-3,1	-6,1
Industria	8,9	-1,4	-8,6	-0,2	-2,3	-2,0	-1,0	-2,0	-21,6	-5,5	-5,3
Industria manufactureira	2,2	0,6	-9,6	-1,8	-0,8	2,8	2,2	-2,0	-28,9	-3,9	-3,5
Construción	2,7	3,4	-12,6	5,3	4,2	3,0	1,4	-6,1	-22,0	-10,0	-12,2
Servizos	2,4	2,7	-8,1	3,4	2,8	2,6	1,9	-3,3	-17,0	-5,1	-6,9
Comercio, transporte e hostalería	2,7	3,6	-19,5	5,2	4,0	3,8	1,4	-8,3	-37,1	-14,1	-18,3
Información e comunicacións	2,5	0,5	-0,1	0,7	-0,8	0,9	1,5	6,4	-6,9	0,6	-0,4
Actividades financeiras e de seguros	6,6	1,3	-0,4	1,1	-0,2	-1,3	5,9	-4,1	0,2	1,6	0,6
Actividades inmobiliarias	1,3	1,2	-0,3	1,4	1,3	1,2	1,0	0,4	-0,2	-0,6	-0,8
Actividades profesionais	5,0	4,1	-9,3	6,0	3,9	3,4	3,1	-7,1	-23,3	-2,8	-4,3
Administración pública, sanidade e educación	1,5	3,0	1,6	2,4	3,6	3,3	2,6	2,6	1,0	1,0	1,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,2	0,4	-18,0	0,7	0,8	0,5	-0,2	-9,0	-42,6	-8,4	-11,9

Fonte: IGE

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o gasto en consumo final, por mor do comportamento do consumo privado presenta unha caída interanual inferior á media española, tendo en conta que o consumo público medra un 4,5% tanto en España como en Galicia. Dunha banda, o gasto en consumo final en España contráese no último ano un 8,2% respecto ao ano anterior, oito décimas por riba do que acontece na economía galega, en tanto que o gasto das familias redúcese no conxunto do Estado un 12,4% fronte aos devanditos 11,3% na Comunidade Autónoma. Por contra, o investimento, medido en

PIB real en Galicia e España 2020. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE


termos da formación bruta de capital, presenta en España unha taxa de variación interanual do -12,4%, oito décimas superior á rexistrada na economía galega.

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que ao igual que no ano anterior a demanda externa presenta en 2020 unha achega negativa ao crecemento agregado do PIB, motivado por unha caída das exportacións do 5,8% fronte á redución do 4,6% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha caída do 20,8% fronte ao 16,8% experimentado polas importacións. Tendo en conta esta evolución, o sector exterior detrae seis décimas ao PIB en tanto que na economía española a demanda externa detrae un total de 1,9 puntos.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no ano 2020 presenta, a pesar do excelente comportamento do sector da automoción, unha caída interanual do 6,2%, o que contrasta co incremento do 0,3% experimentado no ano anterior. Asemade, cómpre resaltar que ao inicio da crise económica anterior as exportacións reducíronse un 5,6% en 2008 e un 11,3% en 2009. No último ano as vendas totais a terceiros países acadan un valor de 20.871,7 millóns de euros, o que representa o 35,5% do PIB galego, sete décimas máis que no ano precedente. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 8%, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2013 (7,7% no ano anterior). Tendo en conta que as importacións galegas, tras unha caída do 16,7% respecto ao ano anterior, a máis acusada dos últimos quince anos, acadan un importe de 16.597,4 millóns de euros, o saldo positivo da balanza comercial galega aumenta ata os 4.274,3 millóns de euros, un 82,8% máis que no ano anterior (1.935,6 millóns).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor, se ben o seu

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2009-2020.



Fonte: ICEX


comportamento no ano 2020 é moi desigual. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automóbil medrou un 56,2% respecto ao ano anterior, acadando os 5.647,4 millóns de euros, importe similar ao do ano 2007. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída interanual do 25,2%, vendeu ao exterior produtos por valor de 4.441,5 millóns de euros. Tras esta evolución, o peso relativo do sector do automóbil nas exportacións galegas ao estranxeiro aumenta ata o 27,1%, cando nos tres anos anteriores superaba lixeiramente o 16%; en tanto que o téxtil reduce a súa importancia relativa ata o 21,3%, case cinco puntos e medio menos que en 2019. En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 48,3% das vendas galegas a terceiros países, a porcentaxe máis elevada dende o ano 2009 (50,5%).

Atendendo á desagregación segundo destino, todas as grandes áreas xeográficas presentan unha caída das exportacións agás no caso dos países da EFTA (70,1 millóns de euros máis; 34,9%) e Oceanía (241,2 millóns; 744,4% máis). Por contra, cómpre mencionar que o descenso máis acusado en termos absolutos corresponde á UE, cunha redución das vendas en 694,4 millóns de euros (4,4%) superando á caída experimentada en América do norte (271,6 millóns menos; 35%) e América do sur (111,6 millóns de euros menos; 20,3%). Tras esta evolución aumenta a xa elevada concentración xeográfica das exportacións á Unión Europea (UE-27), que acolle o 72,2% das exportacións galegas fronte ao 70,8% do ano anterior.

O devandito bo comportamento do sector do automóbil reflíctese nunha maior concentración das exportacións galegas cara á Francia, que tras unha medra de case o 20% acolle case a cuarta parte das vendas galegas ao exterior (24,4%) fronte ao 19,1% do ano anterior. Este incremento contrasta coa redución do 16,3%

experimentada no caso de Portugal, que se mantén como o segundo país de destino dos produtos galegos ao concentrar o 13,1% das exportacións. Ao mesmo tempo é salientable a caída do 10,8% das vendas a Italia e Reino Unido, ou o 12,5% de Alemaña, que son os principais socios comerciais de Galicia.

Exportacións galegas 2019-2020. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX


Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do automóbil, que no último ano acada un saldo positivo de 870,5 millóns de euros, feito que non acontecía dende o ano 2014. Este cambio ven motivado polo comportamento da venda de automóbiles e motos, cun saldo positivo de 3.212 millóns de euros (565,3 no ano anterior), mentres que a venda de compoñentes de motor presenta un saldo deficitario de 2.341,5 millóns de euros. Asemade, redúcese o saldo positivo do subsector téxtil-confección en torno a 1.160 millóns de euros, ao acadar un superávit de 2.714,8 millóns cando no ano anterior ascendía a 3.875,9 millóns. Por último cómpre mencionar a acusada redución do saldo deficitario da balanza comercial do sector do automóbil, que acada os 41 millóns de euros cando no ano anterior ascendía a 181,4 millóns de euros.

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, a crise económica incidiu en maior medida naqueles sectores máis afectados polas restricións de mobilidade e vinculados ao consumo, como a hostalería (aloxamentos e comidas), o comercio, o transporte e as actividades artísticas e recreativas. Tal e como se mencionaba no informe anterior, a menor exposición destes sectores na economía galega explica en parte que a caída do PIB galego sexa máis de dous puntos inferior á experimentada no conxunto do Estado (8,9% e 11% respecto ao ano anterior, respectivamente).

Tan só o sector primario galego presenta en 2020 un peor comportamento que a media española. O valor engadido creado polo sector agrario e pesqueiro contráese en Galicia un 3,3%, o que contrasta coa medra dun 4,8% experimentada pola

Produto Interior Bruto en Galicia e España 2020: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

economía española. Como se aprecia no cadro macroeconómico, é no segundo semestre do ano cando o sector presenta a contracción máis acusada, remando o derradeiro trimestre do ano cunha caída do 6,1% respecto ao mesmo período do ano anterior.


Motivado polas devanditas restricións á mobilidade, tanto en Galicia como na economía española, os subsectores de comercio, transporte e hostalería e o das actividades artísticas, recreativas e outros servizos son os que presentan as maiores caídas do PIB. Dunha banda, a taxa de variación interanual do comercio, transporte e hostalería sitúase no -19,5% fronte ao -24,1% en España. A continuación situaríanse as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cunha contracción do 18%, máis de seis puntos por baixo do acontecido no conxunto do Estado (-24.2%). Cómpre mencionar que tras a aprobación do Estado de alarma e as medidas para frear a expansión do virus a contracción do veb no segundo trimestre situouse no 37,1% e 42,6%, respectivamente, e tras a relativa mellora no seguinte trimestre, os novos rebrotes experimentados nos últimos tres meses do ano fixeron que ambos os dous sectores presentaran unha caída do 18,3% e 11,9%.

Asemade, cómpre mencionar a redución da actividade experimentada na construción, quen rexistra unha taxa de variación interanual de -12,6%, sendo esta porcentaxe do -15,8% na economía española. Por último, o veb xerado polo sector industrial considerado no seu conxunto (industria manufactureira, enerxía e industria extractiva) contráese un 8,6% no conxunto do ano, oito décimas menos que no conxunto do Estado, sendo esta caída superior no caso do subsector manufactureiro (9,6% e 10,7%, respectivamente). Así mesmo, cómpre salientar a forte caída da industria manufactureira no segundo trimestre, cunha caída interanual do 28,5% motivado polo comportamento da industria téxtil, do sector da madeira e da fabricación de material de transporte.

Tras esta evolución, neste primeiro ano da crise orixinada pola pandemia a peso relativo do subsector de comercio, transporte e hostalería presenta unha acusada caída, concentrando no cuarto trimestre do ano o 20,5% do veb xerado en Galicia, case tres puntos menos que no mesmo período do ano anterior (23,3%). No extremo oposto cómpre mencionar o aumento en dous puntos porcentuais da importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que concentra o 21% no cuarto trimestre de 2020 (19% ao comezo da actual crise sociosanitaria).

Asemade cómpre mencionar que entre os dous trimestres considerados o peso da industria manufactureira mantense relativamente estable (12,7% e 12,9%, respectivamente), xerando as actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, o 6,6% do veb galego.no cuarto trimestre do ano, tres décimas máis que no ano anterior. A diferenza do acontecido nestas dúas ramas de actividade, o sector da construción presenta un lixeiro descenso do seu peso relativo no valor engadido galego, pasando do 7,6% no cuarto trimestre de 2019 ata o 7,2% no mesmo período do último ano.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

O MERCADO DE TRABALLO NO ANO 2020. O ANO DA COVID.

Unha crise sanitaria como a orixinada pola COVID ten o seu principal impacto na saúde. Deixando a un lado esta incidencia, o impacto negativo no mercado laboral adquire especial relevancia dado que constitúe un dos principais mecanismos de transmisión desta crise á sociedade, ao seren o lugar onde repercuten todos os problemas económicos sobre os ingresos e o nivel de vida dos fogares.

As restricións de mobilidade e as medidas adoptadas para frear a expansión do virus condicionan a análise do mercado laboral. Dunha banda, os traballadores afectados por ERTE consecuencia da COVID clasifícanse como ocupados se existe unha garantía de reincorporación; doutra banda, as limitacións de mobilidade e o cese de moitas actividades restrinxen a procura activa de emprego e a dispoñibilidade para traballar, o que determina que unha persoa non se clasifique como parada senón como inactiva (EPA). Isto explica que a diferencia do que acontece en crises anteriores, o axuste no mercado laboral foi, con carácter xeral, menos intenso que a contracción da actividade económica sufrida no conxunto do ano. Non obstante, os indicadores do número de horas traballadas (EPA e contas económicas), que reflicten mellor o impacto da crise, amosan un axuste do emprego superior á caída do PIB.

As cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, reflicten, con carácter xeral que o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese con maior intensidade no caso das mulleres que no dos homes así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público. No que ao desemprego se refire, destaca o novo descenso do emprego de longa duración (12,7%), que contrasta co lixeiro incremento do paro

Tendo en conta que os ERTE constitúen o principal mecanismo de protección dos traballadores por conta allea, cómpre indicar que a finais do ano 33.772 persoas estaban acollidos a un ERTE, o 4,5% do total estatal, e o número de empresas é de 10.933 (un 6,2%).

Principais datos do mercado de traballo 2019-2020

	2019	2020	2020 (miles persoas)				2019/2020			
			I	II	III	IV	I	II	III	IV
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.339,0	2.338,6	2.338,8	2.339,0	2.339,6	4,7	4,5	3,1	2,5
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.239,8	1.192,9	1.227,4	1.223,5	5,6	-46,2	-21,8	-18,2
25 - 34 anos	223,3	210,7	218,8	203,1	210,5	210,3	-6,9	-20,3	-12,3	-11,1
Poboación ocupada	1.095,2	1.074,2	1.083,0	1.050,4	1.082,6	1.080,9	2,8	-48,4	-23,1	-15,1
Conta propia	216,6	205,3	210,4	200,3	201,7	208,6	-4,5	-22,3	-15,0	-3,6
Conta allea	878,3	868,6	872,1	850,0	880,6	871,7	7,0	-26,2	-8,1	-11,6
Outra situación	0,3	0,4	0,5	0,1	0,3	0,6	0,3	0,1	0,0	0,1
Poboación parada	145,9	146,7	156,8	142,5	144,8	142,6	2,9	2,1	1,3	-3,2
Parado longa duración	57,1	49,9	55,4	40,1	53,7	50,1	-4,5	-15,9	-3,0	-5,6
Poboación inactiva	1.094,3	1.118,1	1.098,8	1.145,9	1.111,6	1.116,1	-0,9	50,7	24,9	20,7
Taxa de actividade	53,1%	52,2%	53,0%	51,0%	52,5%	52,3%				
Taxa de ocupación	46,9%	45,9%	46,3%	44,9%	46,3%	46,2%				
Taxa de paro	11,8%	12,0%	12,6%	11,9%	11,8%	11,7%				
Taxa de temporalidade	26,5%	24,0%	25,1%	22,1%	24,6%	24,3%				
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	996,0	998,7	978,4	1.005,0	1.002,1	0,7	-38,2	-25,0	-14,5
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	180,3	169,5	189,1	176,3	186,1	-3,6	28,4	22,4	21,0

Fonte: IGE


Poboación activa

O número de persoas activas en Galicia mantén a tendencia descendente dos últimos anos, acadando no conxunto do ano 2020 un total de 1.220.900 persoas, 20.100 menos que no ano anterior (-1,6%), o que supón o descenso máis acusado dende o ano 2013 (2,0%). Cómpre resaltar que este descenso prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres, concentrándose en maior medida no caso das mulleres, con 15.600 persoas activas menos (-2,6%), que no dos homes, cunha caída de 4.600 persoas entre os homes (0,7%), o que contrasta co estimado no conxunto do Estado onde a poboación activa redúcese un 1,3% entre os homes e 1,2% no caso das mulleres.

As restricións de mobilidade dificultaron a procura activa de emprego, o que motivou unha significativa caída da poboación activa no segundo trimestre do ano. Entre abril e xuño o número total de activos descendeu en Galicia un 3,7% respecto ao ano mesmo período do ano anterior (46.200 persoas activas menos), o que representa a maior caída da serie publicada. A relaxación das restricións de mobilidade posibilitou a ralentización da caída de persoas activas nos dous últimos trimestre do ano, con descensos interanual do 1,7% e 1,5%, respectivamente.

O devandito impacto negativo é máis significativo entre mulleres ao longo dos catro trimestres de 2020, elevándose a taxa de variación interanual no conxunto do ano ata o 4,7% no caso das mulleres (27.900 persoas menos) e ata o 2,8% no dos homes (18.300 persoas). En termos interanuais, os maiores diferenciais estímanse no terceiro trimestre do ano, onde

Evolución trimestral da poboación activa 2019-20: distribución segundo sexos



Fonte: IGE

o número de mulleres activas reduciuse en 19.500 persoas fronte aos 2.300 no caso dos homes, e no primeiro trimestre, que presenta unha redución interanual de 2.300 mulleres activas fronte ao incremento de 9.000 persoas no caso dos homes.

Tras esta evolución, a participación laboral dos homes e das mulleres redúcese tanto en Galicia como en España, se ben en Galicia este descenso prodúcese con maior intensidade entre as mulleres que entre os homes. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 47,7% e 57,1%, respectivamente, o que supón un diferencial de 9,4 puntos porcentuais (8,5 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial

redúcese lixeiramente ata os 10,7 puntos, descendendo a taxa de actividade feminina ata o 52,2% e a masculina ata o 62,9%. En ambos os dous casos Galicia sitúase como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias.

O devandito descenso ven explicado pola caída da poboación activa entre as persoas españolas que supera o incremento experimentado entre as persoas de nacionalidade estranxeira. No conxunto do ano 2020 a poboación activa estranxeira medra un 6% respecto ao ano anterior (3.800 persoas máis), descendendo un 2% no caso das persoas de nacionalidade española (24.000 persoas). Cómpre mencionar que esta mesma tendencia rexístrase tanto en homes como en mulleres, se ben o descenso das mulleres activas de nacionalidade española é superior ao dos homes (-3% fronte a -1,1%, respectivamente) mentres que no caso das persoas activas de nacionalidade estranxeira o incremento experimentado entre as mulleres foi inferior ao que acontece entre os homes (4,9% e 7,1%, respectivamente).

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade 2020

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	52,2%	57,4%	Madrid (62,1%)	Asturias(50,0%)
			Baleares (61,1%)	Galicia (52,2%)
			Cataluña (60,3%)	Castela e León (53,8%)
			Murcia (58,8%)	Cantabria (53,8%)
Taxa de ocupación	45,9%	48,8%	Madrid (54,4%)	Estremadura (42,5%)
			Cataluña (52,7%)	Asturias (43,0%)
			A Rioxa (52,1%)	Andalucía (43,0%)
			Baleares (51,7%)	Canarias (44,2%)
Taxa de paro	12,0%	15,5%	País Vasco (9,5%)	Canarias (22,6%)
			Navarra (10,1%)	Andalucía (22,3%)
			A Rioxa (10,8%)	Estremadura (21,8%)
			Aragón (11,7%)	Castela A Mancha (17,7%)
Taxa de temporalidade	24,0%	24,1%	Madrid (18,8%)	Andalucía (32,2%)
			Cataluña (19,6%)	Estremadura (34,8%)
			Aragón (21,6%)	Murcia (29,4%)
			País Vasco (22,1%)	Canarias (26,9%)

Fonte: INE


Asemade, cómpre insistir no significativo descenso da poboación activa entres as persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que en 2020 foi do 5,6% respecto ao ano anterior (12.600 persoas).

• Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que en 2020 pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia (media anual) un total de 61.100 persoas,

o que supón unha medra de 3.000 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Por contra, o número de persoas que saíron da actividade ascendeu a 67.700 persoas, cando no ano anterior o fixeran 57.700 persoas. Deste xeito, e a diferenza do acontecido no ano anterior, o mercado laboral galego presenta un saldo negativo entre as entradas e as saídas da actividade de 6.500 persoas (en 2019 entraron na actividade 400 persoas máis das que saíran).

Fluxo de poboación activa 2019-2020



	2020	20/19	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	16.500	- 2.600	-13,6%
2 trim.	17.700	- 7.900	-30,9%
3 trim.	40.000	11.300	39,4%
4 trim.	26.400	3.900	17,3%

	2020	20/19	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	29.800	2.400	8,8%
2 trim.	37.200	15.300	69,9%
3 trim.	31.600	3.700	13,3%
4 trim.	31.400	- 4.300	-12,0%

	2020	20/19	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	26.000	- 5.800	-18,2%
2 trim.	30.700	- 5.600	-15,4%
3 trim.	54.700	20.700	60,9%
4 trim.	32.000	- 1.000	-3,0%

	2020	20/19	
	(número)	(número)	(%)
1 trim.	28.100	- 3.800	-11,9%
2 trim.	50.100	19.400	63,2%
3 trim.	29.600	3.500	13,4%
4 trim.	32.900	3.700	12,7%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2020 en torno ás 25.200 persoas, cifra un 4,9% superior á do ano anterior (1.200 persoas máis). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade aumentou de media ata as 32.500 persoas, o que supón 4.300 persoas máis que no ano 2019. O número de persoas que estaban paradas en 2019 e que saen da actividade ascende a 35.200 persoas, cifra superior en 5.700 persoas á do ano anterior (19,3%). O fluxo de entradas ao paro de persoas que en 2019 eran considerados como inactivos ascende a 38.900 persoas, 2.100 máis que en 2019 (6,1%).


Tendo en conta o impacto das medidas aprobadas para frear a expansión do coronavirus no mercado de traballo, é importante analizar a evolución trimestral no ano 2020. Cómpre resaltar que no segundo trimestre do ano, cando o impacto da crise sanitaria foi máis acusado, saíron da actividade un total de 87.300 persoas, 34.700 máis que no ano anterior (66% superior), entrando na actividade 48.400 persoas, 13.500 menos que no ano precedente (-21,8%). Deste xeito, o saldo negativo neste trimestre ascende a 38.900 persoas cando no mesmo período do ano anterior entraron na actividade 9.300 persoas máis das que saíron (saldo positivo).

Das 48.400 persoas que entran na actividade no segundo trimestre do ano, 30.700 o fan cara o desemprego e 17.700 comezan a traballar (poboación ocupada). Por contra, 50.000 persoas que no primeiro trimestre estaban parados saen da actividade (19.400 máis que no ano anterior) e 37.200 ocupados pasan a formar parte da poboación inactiva (15.300 persoas máis). Por contra, a recuperación do terceiro trimestre explica que se incorporen á actividade un total de 94.700 persoas, das que 54.700 busca un emprego (57,8%) e 40.000 persoas comeza a traballar (o 42,2% restante), formando parte da poboación ocupada.


Ocupación

A forte contracción da economía galega no conxunto do ano 2020 trasládase directamente ao mercado de traballo atendendo á evolución das grandes cifras do nivel de ocupación e desemprego. Sen embargo, cómpre resaltar que a diferenza do acontecido noutras crises económicas, a caída interanual do PIB nun 8,9% tradúcese, con carácter xeral, nunha destrución de emprego de menor intensidade. Así, a poboación ocupada e as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social descenden un 1,9% e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 8%. Tan só o número medio de horas efectivamente traballadas reflectido na EPA, ou o número de horas traballadas segundo as contas económicas presentan unha caída superior, ao reducirse un 9,8% e 10,7% respecto ao ano anterior, respectivamente.


Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2019-20. Taxas de variación interanual




Fonte: IGE, Enquisa poboación activa



Fonte: IGE, Contas económicas



Fonte: IGE, Afiliación á Seguridade Social



Fonte: IGE, Enquisa poboación activa e Demandas de emprego e colocacións


A devandita caída da ocupación estimada pola EPA e a rexistrada nas oficinas de emprego é inferior á rexistrada no conxunto de España, onde as afiliacións rexistradas nas oficinas de emprego redúcense un 2,2% e a poboación ocupada un 2,9%. Por contra, se se consideran os indicadores de postos de traballo equivalente a tempo completo ou o número de horas traballadas reflectidos pola EPA, que permiten unha maior aproximación ao impacto da COVID, a caída do emprego é lixeiramente inferior en España, cun descenso do 7,5% e 10,4%, respectivamente.

O axuste do emprego provocado pola crise sanitaria do COVID tradúcese nunha redución do número medio de afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia por primeira vez dende o comezo da recuperación económica en 2013. Tras a devandita caída interanual do 1,9%, o número medio de afiliacións para o total do sistema descende ata

as 996.000 persoas, 19.200 afiliacións menos que no ano anterior. España, por mor do desigual impacto da COVID nas distintas ramas de actividade, presenta unha caída interanual tres décimas superior (-2,2%), descendendo o número medio de afiliacións ata as 18.767.100 persoas.

Se se considera a evolución mensual experimentada ao longo de todo o ano, cómpre resaltar o forte descenso rexistrado en marzo e abril como consecuencia das seis semanas de confinamento tras a declaración do estado de alarma o 14 de marzo. Tras estas caídas o número de afiliacións en abril sitúase lixeiramente por riba do rexistrado no mesmo mes do ano 2017, aumentando as mesmas entre os meses de abril e outubro aínda que por regra xeral mantense por baixo do nivel acadado en 2018. Por contra, tras a aprobación de novas restricións de mobilidade a finais de outubro as afiliacións descenden nos meses de novembro e decembro.

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2016-2020



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

A crise sanitaria incidiu de maneira moi desigual entre as distintas ramas de actividade. No conxunto do ano 2020 as caídas de afiliacións máis acusadas en termos absolutos corresponden ás ramas de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 6.578 afiliacións menos respecto ao ano anterior;

actividades relacionadas co emprego (CNAE 78), con 2.456 afiliacións menos; e o comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), con 2.173 afiliacións menos. A continuación situaríanse as actividades de servizos de aloxamento (CNAE 55) e actividades de construción especializada (CNAE 43), con 1.813 e 1.722 afiliacións menos respectivamente. En termos relativos cómpre mencionar a caída do 20,3% no caso das activi-

Afiliacións á Seguridade Social 2019-20: distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	106.649	10,5	104.476	10,5	-2,0	-2.173
86 Actividades sanitarias	62.323	6,1	64.265	6,5	3,1	1.942
56 Servizos de comidas e bebidas	69.029	6,8	62.451	6,3	-9,5	-6.578
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.095	5,6	57.290	5,8	0,3	195
85 Educación	49.253	4,9	50.144	5,0	1,8	891
43 Actividades de construción especializada	49.477	4,9	47.755	4,8	-3,5	-1.722
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	48.485	4,8	47.605	4,8	-1,8	-880
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	36.104	3,6	35.286	3,5	-2,3	-818
49 Transporte terrestre e por tubaxe	33.164	3,3	32.633	3,3	-1,6	-531
10 Industria da alimentación	30.388	3,0	30.229	3,0	-0,5	-159
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	27.506	2,7	28.027	2,8	1,9	521
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	26.695	2,6	25.612	2,6	-4,1	-1.083
41 Construción de edificios	24.159	2,4	23.458	2,4	-2,9	-701
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.270	2,2	21.732	2,2	-2,4	-538
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	642.597	63,3	630.963	63,3	-1,8	-11.634
Total	1.015.254	100	996.026	100	-1,9	-19.228

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	69.029	6,8	62.451	6,3	-9,5	-6.578
78 Actividades relacionadas co emprego	12.116	1,2	9.660	1,0	-20,3	-2.456
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	106.649	10,5	104.476	10,5	-2,0	-2.173
55 Servizos de aloxamento	10.299	1,0	8.486	0,9	-17,6	-1.813
43 Actividades de construción especializada	49.477	4,9	47.755	4,8	-3,5	-1.722

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2019		2020		20/19	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
86 Actividades sanitarias	62.323	6,1	64.265	6,5	3,1	1.942
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	14.894	1,5	16.669	1,7	11,9	1.775
85 Educación	49.253	4,9	50.144	5,0	1,8	891
62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	11.260	1,1	11.998	1,2	6,6	738
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	27.506	2,7	28.027	2,8	1,9	521

(1) ramas CNAE 2009;


Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

dades relacionadas co emprego e do 17,6% no dos servizos de aloxamento, así como o 9,9% (807 afiliacións menos) experimentado no caso das outras actividades profesionais, científicas técnicas (CNAE 74) ou o 9,5% no caso dos servizos de comidas e bebidas.

Por contra, a rama de actividade que experimentou o maior crecemento foi a rama sanitaria (CNAE 86), cunha medra de 1.942 afiliacións máis que no conxunto do ano anterior, por diante da fabricación de vehículos de motor (CNAE 29) e a educación (CNAE 85), con 1.775 e 891 afiliacións máis, respectivamente. En termos relativos, xunto co incremento do 11,9% experimentado no subsector da automoción, destaca o 8% (340 afiliacións máis) experimentado nas actividades das sedes centrais, actividades de consultoría de xestión empresarial (CNAE 70) ou o 7,6% (239 afiliacións) no sector das telecomunicacións (CNAE 61).

Entre as distintas ramas de actividade cómpre reflectir a importante caída das afiliacións rexistrada no mes de marzo no subsector da hostalería, cun 8,8% menos que no mes anterior (6.599 afiliacións menos), mes a partir do cal as afiliacións sitúanse nun nivel inferior ao rexistrado nos cinco anos anterio-

Evolución das afiliacións nos subsectores do comercio, hostalería, actividades sanitarias e de servizos sociais e educación 2016-20



Fonte: IGE

res. Comportamento similar presenta o conxunto da actividade comercial, onte tras as reducións dos meses de marzo e abril (1,7% e 0,9%, respectivamente) rexistra un nivel de afiliacións inferior ás do ano 2016. En ambos os dous casos, a partir do mes de abril as afiliacións seguen unha tendencia similar á rexistrada en anos anteriores.

No que se refire á análise da poboación ocupada, tras unha caída interanual do 1,9% (medrara un 1,4% no ano anterior), Galicia conta con 1.074.200 ocupados, 20.900 persoas menos que en 2019. Tras esta caída a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) racha a súa tendencia crecente e presenta unha caída dun punto porcentual respecto ao ano anterior, situándose no 45,9% (no conxunto do Estado descende ata o 48,5%), o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Estremadura (42,5%), Asturias e Andalucía (43%) e Canarias (44,2%).

Este axuste no nivel da poboación ocupada provocado pola COVID foi moito máis intenso entre as mulleres que entre os homes, de xeito que a ocupación feminina descende en Galicia un 3,1% respecto ao ano anterior (16.000 mulleres ocupadas menos) fronte a tan só un 0,9% no caso dos homes (4.900 persoas menos). Isto contrasta co acontecido no conxunto de España onde o axuste de emprego foi similar entre homes e mulleres (-2,9%). A taxa de ocupación descende en Galicia ata o 50,9% no caso dos homes, nove puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (41,4%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 54,2% e 43,1%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., Asturias, Canarias, Estremadura e Andalucía presentan unha taxa inferior á galega no caso dos homes, en tanto que a taxa de ocupación feminina supera, ademais das devanditas catro CC.AA., ás estimadas en Castela-A Mancha e Murcia.

No que á evolución ao longo do ano se refire, cómpre mencionar que no primeiro trimestre do ano 2020 mantense a desaceleración no ritmo de crecemento da ocupación estimado no ano anterior. A crise sanitaria motivou unha redución da poboación ocupada no conxunto da Comunidade Autónoma nun 4,4% (48.400 persoas ocupadas menos), no segundo semestre. O ano remata cunha caída da poboación ocupada do 1,4% no derradeiro trimestre (15.100 persoas menos).


O devandito axuste non se produce coa mesma intensidade entre homes e mulleres, producíndose en maior medida no caso das mulleres. Dunha banda, o emprego feminino redúcese en 11.800 persoas no primeiro trimestre o que contrasta co incremento interanual de 14.600 persoas experimentado entre os homes. Doutra banda, a destrución experimentada no resto do ano afecta máis ás mulleres salientando o diferencial existente no terceiro

trimestre: 15.600 mulleres ocupadas menos fronte aos 7.400 homes menos en relación ao mesmo período do ano anterior.


Evolución trimestral da poboación ocupada 2019-20: distribución segundo sexo

Variación interanual

Poboación ocupada total




Poboación ocupada. Homes e mulleres




Variación intertrimestral

Poboación ocupada total



Poboación ocupada. Homes e mulleres



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, con carácter xeral pode afirmarse que o axuste do emprego prodúcese en maior medida entre as persoas máis vulnerables: os máis novos, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo. Asemade, a poboación ocupada redúcese con maior intensidade no caso das mulleres que no dos homes así como tanto no conxunto de traballadores por conta propia, especialmente nos empresarios sen asalariados, como nas persoas por conta allea no sector privado. No extremo contrario, cómpre resaltar o incremento dos asalariados con contrato indefinido e os empregados no sector público.

Poboación ocupada en Galicia 2020: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 20/19 (%)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total	569,0	505,3	1.074,2	-0,9	-3,1	-1,9
Sectores económicos						
Agricultura	45,7	23,4	69,1	9,1	-5,9	3,5
Industria	131,1	51,2	182,4	1,8	1,2	1,7
Construción	68,6	6,5	75,1	5,8	23,4	7,1
Servizos	323,5	424,2	747,8	-4,4	-3,7	-4,0
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	121,8	83,5	205,3	-5,4	-5,0	-5,2
Empregador	38,4	25,0	63,4	-4,2	-2,5	-3,6
Empresarios sen asalariados	80,1	55,8	135,9	-6,2	-4,2	-5,3
Membros cooperativas	0,9	0,7	1,5	6,3	-35,0	-16,4
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,5	2,1	4,5	-2,0	-31,7	-18,3
Asalariados	446,8	421,8	868,6	0,4	-2,7	-1,1
Sector público	81,4	113,8	195,2	8,1	1,5	4,2
Sector privado	365,4	308,0	673,4	-1,1	-4,2	-2,5
Outra situación	0,3	0,1	0,4	62,5	-	100,0
Ocupación						
Directores e xerentes	22,6	11,7	34,3	-2,4	1,5	-1,1
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	75,9	112,4	188,2	-5,1	4,4	0,3
Técnicos e profesionais de apoio	76,5	42,9	119,5	0,6	-0,6	0,2
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	32,0	63,5	95,4	-6,8	-12,7	-10,8
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	78,4	157,3	235,7	-5,3	-2,2	-3,3
Trab. cualificado no sector primario	33,1	21,2	54,3	5,0	-4,0	1,4
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	131,2	17,8	149,1	2,0	6,7	2,6
Operadores	75,5	13,8	89,2	0,7	-7,2	-0,6
Ocupacións elementais	38,1	63,8	101,8	1,8	-10,1	-6,0
Ocupacións militares	5,8	1,0	6,8	11,5	10,8	11,5
Grupos de idade						
16-19 anos	2,9	1,0	3,9	-10,9	-37,9	-21,3
20-24 anos	17,7	12,8	30,5	-12,0	-19,0	-15,2
25-34 anos	91,9	82,0	173,9	-8,5	-9,2	-8,8
35-44 anos	166,6	151,2	317,7	-3,7	-3,4	-3,5
45-54 anos	170,6	150,7	321,3	2,5	-2,8	-0,1
55 e máis anos	119,3	107,7	226,9	7,8	5,5	6,7
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos	0,5	0,3	0,8	17,6	-50,0	11,1
Educación primaria	16,0	10,1	26,0	-7,1	-26,6	-15,9
Educación. secundaria	326,0	231,7	557,7	-2,5	-7,6	-4,7
Educación superior	226,4	263,3	489,7	2,0	2,6	2,3

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

Atendendo á situación profesional dos ocupados, no conxunto do ano 2020 redúcese tanto a ocupación por conta propia como por conta allea, sendo máis intenso o axuste no primeiro caso. Dunha banda, 2020 presenta unha caída das persoas empresarias con e sen asalariados, sendo esta caída máis acusada no caso dos homes. No conxunto do ano 2020 o número das persoas empresarias sen asalariados descende un 5,3% respecto ao ano anterior (7.700 persoas menos), e o de persoas empregadoras redúcese nun 3,6% (2.400 persoas). Entre os traballadores por conta allea, o devandito descenso prodúcese tan só no caso do emprego no sector privado, cun axuste do 2,5% respecto ao ano anterior (17.500 persoas asalariadas menos), aumentando o emprego público un 4,2% (7.800 persoas máis).

No que á calidade do emprego se refire, cómpre resaltar que o axuste do emprego prodúcese tan só no caso das persoas asalariadas no sector privado con contratos temporais, cunha redución de 29.100 persoas respecto ao ano anterior (15,8%). Por contra, aumenta tanto a contratación temporal no ámbito público, con 5.300 asalariados máis (11,1%) como a contratación indefinida, especialmente no sector público, con 11.600 ocupados máis (2,6%) fronte aos 2.500 no sector privado (1,8%). Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 24%, unha décima menos que no conxunto do Estado, superando no último ano a temporalidade no sector público á estimada no sector privado (27,3% e 23,1%, respectivamente). A principal diferenza entre a evolución dos asalariados homes e mulleres radica na contratación indefinida, que medra máis dun 4% no caso dos homes tanto no sector privado como público (12.100 e 2.600 persoas máis, respectivamente), descendendo lixeiramente no caso das mulleres en ambos os dous sectores (600 persoas no sector privado e 100 mulleres no público).

Asemade, a redución do emprego a tempo parcial, prodúcese con maior intensidade que no caso do emprego a tempo completo tanto en Galicia como en España. Así o emprego a tempo parcial descende un 9,1% (14.100 persoas menos que no ano anterior) fronte ao 0,7% no caso do emprego a tempo completo (6.900 persoas), situándose estas porcentaxes no mercado laboral español no -6,9% e -2,2%, respectivamente. A análise da desagregación segundo sexo reflicte un incremento da desigualdade entre homes e mulleres xa que o 76,6% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2020 son mulleres, case punto e medio máis que no ano precedente (75,2%), en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 42,5%, cinco décimas menos que en 2019. Doutra banda, o 21,6% das mulleres teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 5,7% estimado

na ocupación entre os homes (22,4% e 6,7% no ano precedente, respectivamente).

Por último, cómpre resaltar que o axuste do emprego céntrase fundamentalmente nas persoas cos estudos secundarios, o que contrasta coa medra estimada no caso daquelas persoas con estudos superiores. O número de persoas ocupadas con educación secundaria descende un 4,7% (27.200 persoas ocupadas menos), situándose esta caída no 7,6% entre as mulleres (19.100 persoas menos), máis de cinco puntos porcentuais por riba do estimado entre os homes (2,5%, 8.300 ocupados menos). Por contra, entre as persoas con estudios superiores a ocupación medra un 2,3% (11.100 persoas), sendo este incremento máis intenso entre as mulleres, cun 2,6% (6.700 persoas), que entre os homes, cun 2% (4.400 persoas).

A continuación a análise céntrase na evolución do indicador do número medio efectivamente traballadas, que tal e como se indicaba en anteriores informes de conxuntura, reflicte con maior precisión o comportamento da ocupación dende o comezo da crise sanitaria. Despois do confinamento severo do segundo trimestre do ano, que se traduce nun descenso do 25,9% do número medio de horas traballadas en relación á mesma data do ano anterior, no terceiro e cuarto trimestre do ano continúa a redución interanual, se ben a un ritmo inferior ao experimentado a comezos de ano. No conxunto do ano 2020, o número medio de horas efectivamente traballadas foi do 9,8% para situarse nas 30,3 horas. A diferenza do que indica a evolución da poboación ocupada, o axuste do emprego foi similar entre homes e mulleres, presentando os homes un total de 32,5 horas efectivamente traballadas fronte ás 28 hora no caso das mulleres.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, os datos da EPA indican que a devandita caída do número de horas se produce case de xeito xeneralizado, xa que tan só o subsector agrario e forestal (CNAE 01-02) presenta unha medra respecto ao ano anterior (3,8%). En termos relativos o impacto máis acusado da crise rexístrase no subsector da hostalería (CNAE 55-56), que presenta unha caída interanual do 31,3% (11,6 horas menos), por diante das actividade de transporte e almacenamento (CNAE 49-53), cunha redución do 11,8% e das actividades de comercio (CNAE 45-47), cun 11,5% menos que no ano precedente (4,2 e 4,0 horas menos, respectivamente). Fóra do sector servizos salienta o comportamento da construción, cun descenso interanual do 11,3% (4,1 horas menos) e o conxunto da industria manufactureira, cunha caída do 10,9% (3,9 horas). Non obstante, se se desagrega a análise entre as distintas actividades manufactureiras, destaca a caída experimentada no caso da industria téxtil do coiro e do calzado (13-15) e da

Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia 2020: distribución segundo sexo e ramas de actividade

Poboación ocupada

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 20/19 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.074,2	569,0	505,3	-1,9%	-0,9%	-3,1%
Sector Primario	69,1	45,7	23,4	3,6%	9,1%	-6,0%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	49,4	29,6	19,9	-1,0%	5,3%	-9,1%
Pesca e acuicltura	19,7	16,1	3,5	17,3%	16,7%	16,7%
Industria	182,4	131,2	51,2	1,7%	1,8%	1,0%
Industrias extractivas	4,5	4,2	0,3	2,3%	0,0%	0,0%
Industria manufactureira	165,7	116,0	49,7	0,5%	0,3%	0,8%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	12,2	11,0	1,2	20,8%	20,9%	9,1%
Construción	75,1	68,6	6,4	7,1%	5,7%	23,1%
Servizos	747,6	323,5	424,1	-4,0%	-4,4%	-3,8%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	161,5	77,2	84,4	-5,2%	-7,8%	-2,8%
Transporte e almacenamento	47,2	37,0	10,2	-1,5%	1,9%	-12,1%
Hostalaria	71,2	30,6	40,5	-13,1%	-10,5%	-15,1%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	144,1	73,7	70,4	-5,4%	-6,0%	-4,9%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	69,1	38,1	30,9	-1,1%	-1,8%	-0,6%
Educación	72,6	23,7	48,9	4,8%	-1,7%	7,9%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	105,9	23,0	82,9	0,6%	13,9%	-2,6%
Resto de servizos	76,0	20,2	55,9	-7,1%	-11,4%	-5,4%

Número medio de horas efectivamente traballadas

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia 20/19 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	30,3	32,5	28,0	-9,8%	-9,7%	-9,7%
Sector Primario						
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	46,9	45,0	49,8	3,8%	-0,9%	10,7%
Pesca e acuicltura	26,6	29,1	18,0	-7,6%	-1,4%	-31,0%
Industria						
Industrias extractivas	34,4	34,7	30,4	-8,3%	-7,7%	-15,6%
Industria manufactureira	31,9	32,7	30,0	-10,9%	-11,1%	-10,4%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	33,6	34,0	29,9	-0,9%	-1,7%	7,6%
Construción	32,3	32,9	26,5	-11,3%	-10,1%	-22,1%
Servizos						
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	30,8	33,3	28,6	-11,5%	-10,5%	-12,0%
Transporte e almacenamento	31,4	32,5	27,5	-11,8%	-12,6%	-11,0%
Hostalaria	25,3	27,1	24,0	-31,3%	-32,4%	-30,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	31,2	33,6	28,8	-4,0%	-3,2%	-4,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	29,3	29,7	28,7	-6,7%	-6,0%	-8,3%
Educación	26,1	27,0	25,7	-3,3%	-2,5%	-3,7%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	29,7	33,1	28,8	-4,5%	-4,6%	-4,6%
Resto de servizos	23,1	26,9	21,8	-15,1%	-18,0%	-13,8%

Fonte: IGE

industria da madeira (16, 17 e 31), que experimentaron unha caída do 15,4% e 14,2% respecto ao número medio de horas traballadas no ano anterior (5,4 e 5,3 horas, respectivamente). Por último, cómpre mencionar o sector da pesca e acuicultura (CNAE 03), que presentou un descenso interanual do 7,6% (2,2 horas menos).


Este comportamento é desigual entre homes e mulleres. Entre as mulleres as actividades que presentan unha maior redución do número medio de horas traballadas á semana son a pesca e a hostalería, cunha caída superior ao 30% (10,5 e 8,1 horas, respectivamente); superando á industria da madeira, cunha redución do 24,3% (8,7 horas menos) e á construción, que presenta un descenso do 22,1% (7,5 horas menos de media). No caso dos homes, o subsector da hostalería presenta unha caída superior ao 32% (13,0 horas menos), situándose a continuación o conxunto do sector téxtil, cun descenso do 18,1% (6,3 horas) e o "transporte e almacenamento" cunha redución do 12,6% (4,7 horas) e a fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (CNAE 29, 30, 33), cun -12,9% (4,7 horas semanais menos).

En sentido contrario, mentres que entres homes toadas as ramas de actividade presentan un axuste de emprego en termo do número de horas efectivamente traballadas na semana de referencia, entre as mulleres as actividades que rexistran un maior incremento do número medio de horas traballadas na semana de referencia entre as mulleres son a agricultura, gandería, caza e silvicultura (10,7%; 4,8 horas); e o subsector enerxético (7,6%; 2,1 horas).

No que á situación profesional se refire, o devandito indicador do número medio de horas efectivamente traballadas reflicte un axuste do emprego máis acusado que o que indica a evolución da poboación activa. No concernente ao traballo por conta propia a caída da ocupación no ano 2020 supera o 14% tanto no caso dos empresarios sen asalariados como daqueles que non teñen. Non obstante, cómpre sinalar que a caída do número de empresarios con asalariados é lixeiramente superior no caso das mulleres (14,9% fronte ao 14,5%), mentres que o diferencial entre o axuste da ocupación de mulleres e homes supera os dous puntos porcentuais no caso dos empresarios sen asalariados (15,2% fronte ao 13,1%, respectivamente).

Atendendo á evolución ao longo do ano, mentres que o número de empresarios sen asalariados descendeu no segundo trimestre do ano un 9% segundo as estimacións da EPA, seis décimas máis que no caso dos empresarios con asalariados, o indicador do número de horas efectivamente traballadas indica unha caída interanual do 38,5% no caso dos empresarios con asalariados fronte ao 36,1% no caso daqueles que si teñen asalariados.

Evolución trimestral da ocupación 2019-20: distribucion segundo situación profesional. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

No que ao traballo por conta allea se refire, no conxunto do ano 2020 o número de horas redúcese un 9,6% entre os asalariados do sector privado, máis de sete puntos porcentuais que o que indica o número de persoas ocupadas; sendo esta caída do 3,6% no sector público, o que contrasta co devandito incremento do 4,2% da poboación ocupada. No ámbito privado a caída da ocupación feminina foi do 10,8% fronte aos 9,4% entre os homes, dándose a situación contraria no sector público onde o axuste do emprego foi superior

no caso dos homes que das mulleres (4,5% e 3,4%, respectivamente).

Desemprego

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que no conxunto do ano 2020 se racha a tendencia descendente do desemprego iniciada no ano 2014. A poboación parada en Galicia ascende no último ano en Galicia ata as 146.700 persoas, 800 persoas máis que no ano anterior, das que 77.200 son mulleres (52,6%) e 69.500 son homes (47,4%). En termos relativos, o desemprego medrou un 0,5% respecto ao ano precedente o que contrasta co incremento do 8,7% experimentado no conxunto do Estado. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia ascendeu ata o 12%, dúas décimas máis que a media do ano

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2020.

	2019				2020			
	I	II	III	IV	I	II	III	IV
	(en miles de persoas)							
Poboación parada	153,9	140,4	143,5	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6
Homes	77,5	68,9	63,7	66,2	71,9	71,8	69,0	65,4
Mulleres	76,5	71,4	79,7	79,5	84,9	70,7	75,9	77,3
Paro de longa duración	59,9	56,0	56,7	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1
	(Taxa de variación interanual; %)							
Poboación parada	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5	0,9	-2,2
Homes	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2	8,3	-1,2
Mulleres	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0	-4,8	-2,8
Paro de longa duración	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4	-5,3	-10,1
	(porcentraxe de poboación activa; %)							
Taxa de paro								
Total	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9	11,8	11,7
Homes	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5	10,7	10,3
Mulleres	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4	13,0	13,2
Segundo nivel de estudios								
Estudios primarios	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0	22,6	20,4
ESO. 1ª etapa	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7	12,9	13,8
ESO. 2ª etapa	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5	13,2	12,4
Educación superior	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6	9,7	9,3
Segundo grupos de idade								
Menores de 25 anos	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3	36,6	33,7
De 25 a 54 anos	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8	11,1	11,4
Maiores de 55 anos	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1	8,9	8,7
Segundo nacionalidade								
Española	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3	11,1	10,7
Estranxeira	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2	22,5	27,8


Fonte: IGE

anterior, aumentando o diferencial co conxunto do Estado ata os tres puntos e medio (15,5%).

Coma se mencionou anteriormente, a análise dos datos do desemprego está fortemente condicionada polas restricións de mobilidade, que impiden a procura activa de emprego, condición indispensable para que estatisticamente a EPA considere unha persoa como parada. Isto explicaría en parte o forte descenso experimentado no segundo trimestre en relación ao trimestre anterior (14.300 persoas menos; 9,1%) e o incremento das persoas consideradas como inactivas (47.100 persoas máis que no primeiro trimestre do ano; 4,3%). Se se teñen en conta as taxas de variación interanual, o desemprego aumenta nos tres primeiros trimestres de 2020, reducíndose no derradeiro trimestre un 2,2% respecto ao mesmo período do ano anterior.

O devandito incremento do desemprego estimado na Enquisa de Poboación Activa contrasta cunha medra do 10,4% do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego en Galicia, que acada as 180.253 persoas. Este incremento relativo sitúase máis de sete puntos porcentuais por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, onde o paro medra un 17,8% respecto ao ano anterior. Cómpre resaltar que o paro rexistrado presenta un forte incremento nos meses de marzo e abril, superando dende ese mes o nivel de paro existente no ano 2018. O paro rexistrado no mes de decembro de 2020 supera xa o acadado no mesmo mes de 2017.

Evolución mensual do paro rexistrado en Galicia 2016-2020



Fonte: IGE


Centrándose na análise da poboación ocupada (EPA), a evolución das taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino tendo en conta non só que as taxas de paro femininas son máis elevadas que ás correspondentes aos homes, senón que o incremento das primeiras son lixeiramente superiores ás taxas de paro masculinas. Dunha banda, a taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, que se sitúa no 13,2% fronte ao 10,9% entre os homes. Doutra banda, a taxa de paro aumentou catro décimas respecto ao ano anterior entre as mulleres mentres que a taxa de paro masculina medra dúas décimas (12,8% e 10,7%, respectivamente).

En relación ao resto das CC.AA. Galicia sitúase como a quinta Comunidade autónoma con menor taxa de paro, tras o País Vasco (9,5%), Navarra (10,1%), A Rioxa (10,8%) e Aragón (11,7%). No que á taxa de paro masculina se refire, Galicia é a sexta comunidade con menor taxa de paro, tras as mencionadas catro CC.AA. e Castela e León, en tanto que no caso das mulleres, a taxa é superior á estimada para Navarra, País Vasco, A Rioxa e Cantabria.

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios son os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende ata o 33,2%, máis de cinco puntos por riba do estimado no ano anterior (28%), mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro sitúase no 11,7% (11,3% no ano anterior) e entre os maiores de 55 anos descende ata o 8,9% (9,8% no ano 2019). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 24,2% no caso das persoas con estudos primarios, case catro puntos menos que no ano anterior, aumentando ata o 9,4% entre aquelas con educación superior (7,7% no ano anterior). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade española era do 11,3% fronte ao 24,6% entre os estranxeiros, sendo o incremento entre as persoas de nacionalidade estranxeira superior ao estimado entre os españois (oito e dúas décimas máis, respectivamente).

Por último cómpre mencionar que a importante redución do desemprego de longa duración segue a ser un dos aspectos máis positivos da evolución do mercado de traballo. A pesar de que a poboación parada estimada pola EPA aumenta en Galicia tan só un 0,5%, o número de persoas en situación de desemprego de longa duración redúcese un 12,6% respecto ao ano anterior, acadando as 49.200 persoas (7.200 persoas menos), o que representa o 34% do paro total galego No último ano trinta e catro de cada cen parados galegos son parados de longa duración, cinco puntos menos que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 53,5% ao comezo da recuperación económica.

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2020



Fonte: IGE

O devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, agás nos menores de 25 anos, que presenta unha medra do 11,1% respecto ao ano anterior (300 persoas máis). Tanto en termos absolutos como absolutos o maior descenso experiméntase no caso daquelas persoas con idades comprendidas entre 35 a 44 anos, cunha redución do 27,4% (3.700 persoas paradas menos). Asemade, cómpre mencionar o positivo descenso do número de parados entre 45 e 54 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, con 1.700 parados menos (-10%) e o de maiores de 55, con 1.400 persoas desempregadas menos (-9,8%).

Expedientes de regulación temporal de emprego - ERTE

O instrumento fundamental de protección para afrontar o impacto negativo da COVID no mercado de traballo foi o ERTE nas actividades directamente afectadas polo estado de alarma, complementándose e ampliándose posteriormente cos tres acordos sociais en defensa do emprego.


No último trimestre do ano, coa aprobación dun novo Estado de alarma o 25 de outubro (RDL 926/2020, de 25 de outubro), ráchase a tendencia decrecente experimentada nos dous trimestres anteriores, aumentando o número de solicitudes e dos traba-

lladores afectados, especialmente no mes de novembro, con 5.460 solicitudes aprobadas (96,2% das solicitudes recibidas). Os datos da Consellaría de Emprego e Igualdade reflicten que no conxunto do ano, o número total de solicitudes aprobadas dende o 14 de marzo supera as ascende a 43.000 solicitudes, o que representa o 93,4% das solicitudes recibidas.


Tendo en conta a devandita evolución, os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones reflicten que a 31 de decembro de 2020 o número de persoas protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego ascende en Galicia a 33.772 persoas, o que supón o 4,5% do total estatal. No último trimestre prodúcese un trasvase dende os ERTE recollidos no RDL 18/2020 aos definidos no RDL 30/2020 (en vi-

Solicitudes aprobadas e traballadores afectados polos ERTE en 2020

Evolución mensual



Datos acumulados



Fonte: Consellería de emprego e Igualdade

gor dende o 30 de setembro, e que conlevan exoneracións á Seguridade Social), de forma que a 31 de decembro un total de 7.090 persoas estaban protexidos por un ERTE de impedimento, o que representa o 11,4% do total estatal, e outras 9.743 persoas por un ERTE de limitación, o 5,7%. Este peso relativo é significativamente máis reducido no caso dos ERTE para sectores ultraprotexidos ou máis directamente vinculados cos factores asociados aos riscos epidemiolóxicos da COVID, cun 2,3% (4.097 persoas) así como daqueles ERTE correspondentes á cadea de valor destes sectores ultraprotexidos, cun 0,9% (473 persoas). O número total de empresas –código conta de cotización- que teñen un ERTE aprobado ascende en Galicia a 10.933 o que representa o 6,2% dos rexistrado no conxunto de España.

Atendendo á diferenciación segundo sexo das persoas protexidas por un ERTE no último día do ano, en Galicia o 56,6% son mulleres, sendo esta porcentaxe cinco puntos superior ao rexistrado no conxunto do Estado (51,5%). Con todo, cómpre mencionar a distinta importancia relativa segundo tipo de expediente, dado que os no caso dos expedientes de forza maior o conxunto de España presenta un maior peso relativo das mulleres, cun 57,6% fronte ao 54,1% en Galicia, mentres que no caso dos ERTE RDL 30/2020 Galicia presenta unha porcentaxe sensiblemente superior: 58,5% e 52,5% na Comunidade Autónoma e en España.

Empresas e número de persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (último día de cada mes)

	Persoas protexidas por ERTE			Empresas con ERTE		
	Total	Forza Maior	Non Forza Maior	Total	Forza Maior	Non Forza Maior
Abril	165.038	150.241	14.797			
Maio	135.630	118.258	17.372	31.569	29.523	2.046
Xuño	75.606	64.471	11.135	22.365	20.694	1.671
Xullo	41.366	35.090	6.276	14.531	13.406	1.125
Agosto	27.052	22.150	4.902	10.137	9.166	971
Setembro	22.707	18.581	4.126	8.866	8.028	838
Outubro (1)	18.505	15.024	3.481	7.186	6.457	729
Novembro	26.918	23.782	3.136	8.860	8.145	715
Decembro	33.772	30.401	3.371	10.933	10.153	780

(1) Non inclúen os datos do RDL 30/2020
Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Dende un punto de vista sectorial, cómpre resaltar a elevada concentración do número de persoas protexidas por algunha modalidade de ERTE. Segundo os datos acumulados dende o 14 de marzo, a rama de actividade con maior número de solicitudes de ERTE de forza maior tramitadas e aprobadas

e maior número de traballadores afectados é a hostalería (CNAE 56), que concentra o 39,9% das solicitudes (16.451) e o 31% dos traballadores protexidos (58.431 persoas), seguido polo comercio polo miúdo (CNAE 47) que acolle o 12,9% da solicitudes e o 8,8% das persoas afectadas (5.341 solicitudes e 16.563 persoas). En conxunto, ambas ramas de actividade concentran o 52,8% das solicitudes tramitadas e case catro de cada dez persoas afectadas por estas solicitudes.

Expedientes de regulación temporal de emprego 2020: distribución segundo principais ramas de actividade

ERTE por Forza Maior

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados			
			Homes	Mulleres	Total	
	(número)	(%)			(número)	(%)
56 Servizos de comidas e bebidas						
47 Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e motocicletas	16.451	39,9	22.161	35.161	58.431	31,0
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.341	12,9	5.158	11.550	16.563	8,8
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos	34	0,1	9.843	3.644	13.615	7,2
de motor e motocicletas	1.602	3,9	5.997	2.521	8.469	4,5
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.557	3,8	6.986	1.385	8.314	4,4
96 Outros servizos persoais	3.018	7,3	737	6.138	7.067	3,8
85 Educación	1.401	3,4	1.805	4.948	6.666	3,5
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	1.158	2,8	3.663	3.253	6.664	3,5
86 Actividades sanitarias	1.767	4,3	831	4.563	5.672	3,0
43 Actividades de construción especializada	915	2,2	5.246	721	5.643	3,0
55 Servizos de aloxamento	1.006	2,43849	1.793	3.625	5.509	2,9
Subtotal	34.250	83,0202	64.220	77.509	142.613	75,8
Total xeral	41.255	100	92.499	94.785	188.199	100

ERTE por razóns Económicas, Técnicas, Organizativas e de Produción

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados			
			Homes	Mulleres	Total	
	(número)	(%)			(número)	(%)
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	31	1,4	7.309	1.802	9.112	19,9
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	33	1,5	3.865	851	4.912	10,7
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	89	4,0	2.750	644	3.528	7,7
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos	293	13,3	1.749	629	3.143	6,9
de motor e motocicletas						
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	138	6,3	1.677	447	2.179	4,7
14 Confección de prendas de vestir	27	1,2	702	1.289	1.991	4,3
43 Actividades de construción especializada	140	6,4	1.690	218	1.876	4,1
82 Act. administrativas de oficina e outras activ. auxiliares ás empresas	36	1,6	427	934	1.427	3,1
47 Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e motocicletas	160	7,3	645	405	1.230	2,7
10 Industria da alimentación	88	4,0	483	529	1.035	2,3
Subtotal	1.035	47,1	21.297	7.748	30.433	66,3
Total xeral	2.199	100	32.429	13.604	45.874	100

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

A continuación situaríanse, en canto ao número de traballadores afectados por un ERTE, as actividades comerciais, tanto no caso da venda e reparación de vehículos de motor como comercio por xunto. Cada unha destas ramas de actividade concentran o 5,6% dos traballadores e o 4,2% das solicitudes tramitadas. Asemade, hai que salientar que o conxunto de actividades englobadas en "outros servizos persoais" acolle o 8% das solicitudes tramitadas que afectan ao 4,7% do total de traballadores protexidos por un ERTE de forza maior.

Por contra, tres ramas de actividade industrial lideran o ranking sectorial en termos de traballadores protexidos por un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción. Dunha banda, as 31 solicitudes tramitadas dende o 14 de marzo correspondentes ao sector da automoción (CNAE 29) afectaron a 9.112 persoas, o que representa o 19,9% do total de traballadores afectados por esta modalidade de ERTE. A industria da madeira e cortiza (CNAE 16) acollería ao 10,7% das persoas protexidas por estes expedientes de regulación (4.912 persoas) e a fabricación de produtos metálicos (CNAE 25) a un 7,7% (3.512 persoas). Doutra banda, son as actividades comercias as que concentran o maior número de solicitudes tramitadas, acollendo o 26,9% das solicitudes.

LA CONECTIVIDAD PORTUARIA DE GALICIA Y DEL NORTE DE PORTUGAL: CARACTERÍSTICAS ESENCIALES.

INTRODUCCION

El transporte marítimo se ha incrementado notablemente a lo largo del periodo 2008-2019, pasando de mover 8.231 a los 11.076 miles de Toneladas; esto es, un 34% más, logrando el récord histórico (UNCTAD,2020). Asistimos a un proceso de maritimización activa. Destaca que, hasta 2017, el ritmo de crecimiento del transporte marítimo haya sido superior a la tasa de variación del PIB mundial; para, a continuación, mantener un crecimiento menos intenso, derivado de la incertidumbre provocada por las guerras comerciales entre EEUU y China, y de los procesos de fragmentación de la producción que restringieron ciertos flujos comerciales.

